

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 8 DE MARZO DE 2004**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Fernández Fernández, Amador	Polo Lima, María Soledad
Figueroa Vila, José Manuel	Porteiro García, María Josefa
Graña Barcia, María Luisa	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Guerra Fernández, Javier Jorge	Sío Lourido, Belén
Iglesias Carrera, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier	Toba Girón, Xabier

**NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Barros Puente, Miguel  
Domínguez Olveira, Santiago Xosé  
Fernández Davila, María Olaia

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día oito de marzo do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez, Barros Puente, Domínguez Olveira e Fernández Davila. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(76). CONCESIÓN MEDALLA DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Con data 23 de febreiro de 2004, o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, a solicitude da Alcaldía-Presidencia, presenta a seguinte memoria relativa á Asociación ANFACO:

"A Asociación ANFACO, fundada en 1904 baixo o nome de "Unión de Fabricantes de Conservas de la Ría de Vigo", ven desenvolvendo o seu labor durante todo un século baixo o devandito nome e posteriormente como "Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos" dende 1977.

Integra a máis de 175 empresas vinculadas ó sector industrial transformador de mariscos e peixes en todos os seus ramos de produción incluídos servizos auxiliares e colaboracións a nivel mundial.

ANFACO ven desenvolvendo as súas tarefas baixo tres liñas fundamentais:

- Asociativa, englobando ós fabricantes dende 1949.
- De investigación e desenvolvemento a través do seu laboratorio do departamento técnico.
- De colaboración coa administración, non só dende o punto de vista da análise e publicacións, senón tamén de control de calidade dos produtos da pesca.

A súa traxectoria internacional ven marcada polos seus acordos con empresas de distintos países europeos e latinoamericanos, se ben a maior parte dos seus asociados radican en Galicia e en España, sendo asemade membro do Comité Consultivo de Pesca de España e da Unión Europea.

É tamén titular da cátedra ANFACO da Universidade de Vigo onde radica o seu centro técnico.

O recoñecemento público nacional e internacional avala a calidade dos seus servizos.

Por todo isto é unha das asociacións que máis contribúen ó coñecemento da cidade como punto básico na industria extractiva e transformadora de peixes e mariscos en todo o mundo. Doutro xeito, a súa continuidade con 100 anos de servizo á comunidade, constitúen o máis importante bagaxe demostrativo da importancia deste entidade."

Visto o anterior, con data 24 de febreiro a Alcaldía-presidencia fomula a moción que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 4 de marzo, dictamina favorablemente á devandita proposta.

Con data 8 de marzo o Secretario do Pleno informa que, de conformidade co previsto no artigo 4 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Vigo o acordo de concesión da Medalla da Cidade deberá adoptarse co voto favorable da maioría absoluta legal dos membros da Corporación. Igualmente manifesta que no expediente figura a moción da Alcaldía na que se efectua a proposta de acordo e que comunicouse á Xunta de Voceiros en data 4 de marzo.

*A Alcaldía-Presidencia procede a ler o texto da memoria que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Conceder á Medalla da Cidade de Vigo de 2004 á "Asociación Nacional de Fabricantes de Conservadas de Pescados y Mariscos" (ANFACO), en recoñecemento á súa prolongada labor de 100 anos a prol da primeira industria da cidade.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.